

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	A ESTRADA
Edificio	Santuario dos Milagres de Requián
Dirección	Lugar de Requián, Frades. 36683
	42.690625 -8.593278
Protección	
Descrición	<p>Capela construída no século XVIII, aproveitando un lugar de paso por esta zona dos peregrinos que ían cara a Santiago. Ten planta de cruz latina e está feita a base de sillería e perpiaño granítico. Cuberta de tella curva no teito que vai a dúas augas, agás na caída dos corpos do transepto que vai a tres. Porta alintelada e recercada con molduras nas xambas e con orelleiras caixeadas nas esquinas superiores. Fachada con pouca decoración que amosa un van cadrado con derrame no centro, e riba del, adornos de placas na base da espadana. Remata o cume do hastial con sobrepenas e pináculos de bóla nas esquinas. Espadana de dous corpos sobre base rectangular na cimeira da fachada. Leva dous vans para as campás con arcos de medio punto e adornos de pequena balaustrada. Remata a parte superior con gablete moldurado e pináculos de bóla en esquinas, e outro no cume, do que se levanta unha cruz de forxa con catavento. Ao seu carón podemos apreciar unhas sobreiras de gran porte.</p> <p>A romaxe dos Milagres de Requián celébrase o 28 de agosto, convocando a milleiros de romeiros. A carón do templo hai unha fonte presidida pola imaxe da Virxe e que ten ademais na parte traseira un lugar para poñer as velas e candeas.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	13-08-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	BLANCO PAZ, ANTONIO	1842	64	152
Espadana	Maior.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1925	69	190

Información completa: [Santuario dos Milagres de Requián - A ESTRADA \(GALICIA\)](#)

PDF (23-06-2026)